



Universidade de Vigo

**O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) participa no acordo transformativo entre a CRUE - CSIC e a editorial Springer-Nature.**

O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) constituído polas tres universidades e a Xunta de Galicia mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, e a Universidade de Vigo, co obxectivo de impulsar a cooperación das tres institucións universitarias participou no acordo transformativo entre Crue Universidades Españolas-CSIC e a editorial Springer-Nature.

Os acordos transformativos con editoriais científicas van dirixidos a “transformar” o modelo de pago de licenzas por “ler” ao pago por “ler e publicar en acceso aberto”. O obxectivo final de publicar os resultados da investigación científica nas universidades en modo de acceso libre é contribuír ao crecemento económico, á competitividade, á innovación, á creación de traballo e ó progreso da sociedade en xeral mediante un novo modelo de facer e difundir a ciencia (*Open Science*).

O acordo permite ás universidades dispoñer de acceso de lectura ás revistas científicas dos paquetes Springer e Adis do editor Springer-Nature, ao tempo que impulsa o aumento das publicacións dos seus investigadores en acceso aberto. A este respecto, o acordo habilitará o acceso aberto eliminando o custo de APC (*Article Processing Charges*) a un número limitado de manuscritos que en conxunto estímase que chegará a superar o 80% dos artigos publicados anualmente. Son susceptibles de beneficiarse deste acordo os artigos enviados por autores de correspondencia das tres universidades ás máis de 2.000 revistas científicas con modelo de subscripción que ofrecen o acceso aberto coma opción (revistas híbridas de ambos paquetes). O acordo, que xa está en activo, estende a súa vixencia a novos artigos que sexan aceptados ata final de 2024.